



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO PARA O DIA LUNS 22 DE XANEIRO DE 2024.

Visto que é obriga dos Concellos proceder á elección dos membros das mesas electorais, mediante sorteo público, entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria, período que nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 22 de xaneiro do 2024 transcorre entre o 20 e o 24 de xaneiro de 2024, ambos incluídos, e visto que o censo electoral definitivo non estivo dispoñible ata o 15 de xaneiro do 2024.

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 7 de xullo do 2023,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: luns 22 de xaneiro de 2024
- ➔ Hora: 10:00
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

ÚNICO. SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO 18 DE FEBREIRO DE 2024.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción no Taboleiro electrónico do Concello, no da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal>) todos os asuntos incluídos na orde do día, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca